

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio un escrito de D. José Cortés Gonzalez, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Pixeiros con data 17 de abril de 1997, solicitando a transformación en convenio do consorcio "Serra de Vales" (OR-3118) na parte correspondente os veciños de Pixeiros.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Mario Veleza Dieguez na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 12 de febreiro de 1997, se tomou o acordo de inica-los trámites para a subscripción do convenio.

3º.- Que o no monte "SERRA DE VALES DE PIXEIROS" queda constituido por 142 Hás. do monte "SERRA DE VALES" (OR-3118) de 195 Has. do mesmo monte veciñal sen consorciar, é dicir, de acordo 337 Has. que constitúen a totalidade do monte veciñal clasificado e adxudicado a dita comunidade de Pixeiros.

4º.- Que as superficies do monte "SERRA DE VALES" OR-3118 son:

Superficie total	450 Has.
Superficie repoboada	423 Has.

O convenio pasan:

Superficie total	142 Has.
Superficie repoboada	136 Has.

5°.- Que o novo monte "SERRA DE VALES DE PIXEIROS" 32155129 queda constituido or:

142 Has. do consorcio Serra de Vales OR-3118
195 Has. rasas sen consorciar.

6°.- Que as superficies actuais do "SERRA DE VALES DE PIXEIROS" 32155129 son:

Superficie total	337 Has.
Superficie repoboada	136 Has.
Superficie rasa	201 Has.

7°.- Que en sesión do 22 de outubro de 1975, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte "Serra de Vales" a favor dos veciños de Pixeiros, do termo municipal de Viana do Bolo, sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas en prazo.

8°.- Que os traballos de repoboación imputables os consorcios do monte "Serra de Vales" (OR-3118) comezaron no ano 1965.

A- Gastos por traballos (OR-3119 o 31-12-1997: 22.895.359.-Pts

A DEDUCIR:

-Gastos por traballos a data de clasificación lei 13/89 2.422.672.-Pts.

-Cofinanciación U.E.

72,5% s/3.278.207 2.376.700.-Pts.

TOTAL GASTOS COMPUTABLES POR TRABALLOS

(OR-3118) 18.095.987.-Pts.

B) Ingresos por aproveitamentos (OR-31138) o 31-12-1997:
1.230.672.-Pts.

9°.- Que os gastos que por traballos, administración e gardería así como os ingresos de monte "Serra de Vales" OR-3118 na parte de Pixeiros, que pasan a conta do convenio do monte "Serra de Vales de Pixeiros" 32155129 son:

A- GASTOS:

- Traballos: 136 Ha/423Ha. x 18.095.987ptas.	5.818.095.-Pts.
- Administración: 7,85/100 x 5.818.095 ptas.	456.721.-Pts.
- Gardería: 136 Ha. x 1.070ptas./Ha.	<u>145.520.-Pts.</u>
TOTAL GASTOS	6.420.336.-Pts.

B - INGRESOS:

136 Has./423 Has. X 1.230.672 Ptas.	<u>395.678.-Pts.</u>
TOTAL INGRESOS.....	395.678.-Pts.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "S^a VALES" (OR-3118) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE PIXEIROS DE:

G - I = 6.420.336.-Pts. - 395.678.-Pts. = 6.024.658.-Pts.
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA:

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: "SERRA DE VALES DE PIXEIROS"

Elenco: 32155129

Superficie: 337 Hás.

Pertenza: Veciños de Pixeiros.

Termo municipal: Viana do Bolo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/o anticipo: 1%.

Participación do Propietario no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio 6.024.658 ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2°.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Vales" (OR-3118) teña as seguintes características:

Nome: "SERRA DE VALES DE PIXEIROS".

Elenco: OR-3118

Superficie: 308 Has.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Viana do Bolo.

3°.- Que por pasa-la conta do Convenio do monte "S^a de Vales de Pixeiros" 32155129, das contas do Consorcio do monte "S^a de Vales" OR-3118, se resten as seguintes cantidades:

Gastos por traballos: 136Has./423 Has.x
18.095.987.-ptas. 5.818.095.-Ptas.
Ingresos:136Has./423 Hasx1.230.672ptas. 395.678.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1998.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTE E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

V°.B°.



O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de firma dun convenio Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Pixeiros propietaria do monte veciñal en man común "SERRA DE VALES DE PIXEIROS", constituido por 142 Has. procedentes do consorcio OR-3118 do monte Serra de Vales e 195 Has. do mesmo monte sen consorciar que suman un total de 337 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 1998.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

Aproba-lo o Convenio coas seguintes características:

Nome: "SERRA DE VALES DE PIXEIROS".

Elenco: 32155129.

Superficie: 337 Hás.

Pertenza: Veciños de Pixeiros.

Termo municipal: Viana do Bolo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación do Propietario no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 6.024.658.-Ptas. a favor
DA XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Vales" (OR-3118) teña as seguintes características:

Nome: "SERRA DE VALES DE PIXEIROS".

Elenco: OR: 3118

Superficie: 308 Hás.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Viana do Bolo.

3º.- Que por pasa-la conta do Convenio do monte "S^a de Vales de Pixeiros" 32155129, das contas do Consorcio do monte "S^a de Vales" OR-3118, se resten as seguintes cantidades:

Gastos por traballos:136Has/423Hasx18.095.987.- 5.818.095pts.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/01/98

O SECRETARIO XERAL,



Asdo. José Luis Aboal Garcia-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55129
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecientos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMÉNEZ , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE CORTES GONZALEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común SIERRA DE VALES , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen á COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE PIXEIRO

e son os que a continuación se describen:

Denominación: SIERRA DE VALES DE PIXEIRO

Termo municipal: VIANA DO BOLO Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECINAL EN MAN COMUN (RESOLUCION DE 22 DE OUTUBRO DE 1975)

Límites: MONTE DO MESMO NOME DOS VECINOS DE O CASTRO

S.: MONTE DO MESMO NOME DOS VECINOS DE A BOUZA

L.: FINCAS PARTICULARES DE PIXEIRO

O.: MONTE DE LANTOIRO DOS VECINOS DE FORNELOS DE FILLOAS

Superficie: 337 HA

Estado forestal: 136 HA

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 201 Ha - AS ISUALS DE PASO

3ª.- O chan continuará pertencendo a COMUNIDADE DE MONTES VECINAIS DE PIXEIRO- VIANA DO BOLO

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: SIERRA DE VALES OR-3118

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 50 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subenténdase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER e PINUS SILVESTRIS

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Vicente David e Alonso Fernández, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "SIERRA DE VALES", a favor dos veciños de Pixeiros, no Concello de Viana do Bolo.

2.—Que, así mesmo, figura Don José Cortés Álvarez, e Don Mario Veleza Diéguez, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deca dende o 28 marzo 1998 ata o 28 marzo 2002.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 4 de xuño de 199 8



Don MARIO VELEZA DIÉGUEZ, Secretario de COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12-2-1997 estando designado Don JOSE CORTÉS GONZÁLEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en VIANA DO BOLO a 25 de ABRIL de mil novecientos noventa e OITO.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

Asdo.: JOSE CORTÉS GONZÁLEZ

Asdo.: MARIO VELEZA DIÉGUEZ

Don TOMAS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLEIRO,
P/O 12/01/98, O SECRETARIO XERAL,

Asdo. José Luis Aboal García Tuñón.